


# O NADAL



**XXXII**

**certame  
de  
xornalismo**

**certame  
de  
poesía**



# **XXXII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL**

---

Patrocina:



**FUNDACION CAIXA GALICIA**

LOGOTIPO:  
XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:  
XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:  
XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»  
DEP. LEGAL LU 369 - 2008

# **XXXII CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL**

---

Patrocina:



**XUNTA DE GALICIA**

Colabora:

Concello de Begonte



# ARREDOR DO NADAL

En Begonte, desde hai trinta e seis anos, desexamos "Feliz Nadal" a toda Galicia a través do noso Belén Electrónico, convertido en referente para todo o país polos milleiros de persoas que cada ano nos visitan.

Aínda que nos temas do Nadal as cifras son o menos importante, calculamos en máis de millón e medio as persoas que durante todos estes anos teñen pasado polo noso Centro Cultural para maravillarse da técnica e da sinxeleza, da inocencia e da plasticidade, para sentirse nenos sendo maiores, ou saberse señores dun mundo feliz sendo nenos cos ollos abertos á vida contemplando a vida reflectida no Belén.

E arredor do Belén fomos construindo tamén un especial clima navideño con debuxos e pintura, prosa e poesía, quedando en libriños coma este constancia das creacións literarias que teñen por norte o Nadal.

De novo, desde Begonte, desexamos un Feliz Nadal a todos. E para os que queiran visitarnos, a invitación a mergullarse no noso pequeno mundo nadaleiro, onde reflectimos o noso xeito de ver o mundo co prisma da fe e da cultura; onde a todos recibimos na seguridade de que entre visitante e begontinos creamos un clima festivo e de paz para que cada quen poida vivir -dentro de si, de xeito especial- as festas do Nadal.

¡Feliz Nadal a todos!



Jesús Domínguez Guizán,  
Presidente do Centro Cultural de Begonte





POESÍA





## **BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO** *(Mero)*

*Baldomero Iglesias Dobarrio (MERO), naceu en Vilalba en 1951. É mestre. Fundador de FUXAN OS VENTOS e A QUENLLA, ten adicada a súa vida á música e a poesía, tendo gravadas arredor de medio cento de cancións das que é autor da letra, e de moitas delas da música. Ten recollido milleiros de cancións populares por todo Galicia.*

*Ademais do libro colectivo "GALICIA CANTA Ó NENO", ten publicado SOCIAIS (de terceiro, cuarto e quinto de E.X.B), EXPERIENCIAS (primeiro e segundo de E.X.B.), GALEGO-LINGUAXE (de primeiro a quinto), CONTOS DE VELLO PARA NENOS, SOMOS LENDA VIVA (Lendas para nenos), e CANTOS, COPLAS E ROMANCES DE CEGO (I e II).*



## SEMPRE SERÁ NADAL

Nadal de pobrezazas duras onde envexas e demoras  
queren roubar as auroras do amor coas súas tenruras.  
Marcarán os prazos lentos e mirarán con coidado  
as imaxes do pasado evitando esquecementos.  
Cómpre lembrar os afectos para acadar un futuro  
que simbolice os traxectos pois traza un fin seguro:  
somos pequenos proxectos, charamuscas no escuro!

Nadal aquel de antigas fames crúas  
perverso, cravuñaba ata as entrañas,  
traspasando as esencias e as raigañas,  
desgarrando por dentro as carnes núas.  
Nadal de horas grises que eu só lembro  
nos relatos que axitan a amargura;  
rexeitaban con valor tanta tristura  
no aloumiño dos lumes de decembro.  
Coa calor e a quentura da lareira  
calmaban entre todos a invernia,  
pasmados coas faíscas da fumeira.  
Gardaban confianza en que viría  
a Luz dun Sol pousar á súa beira  
no amencer dun mañá, a cada día.

Nadal dos tres reis magos e panxolas,  
de gaitas rituais e de pandeiras,  
de cultos e aninvos e xaneiras,  
desexos, aguinaldos e de esmolos.  
Nadal de escuras cinzas e restrollos  
que agachan os saloucos dun inverno  
co enigma da orixe sobre o eterno,  
co misterio que anubra os nosos ollos.  
A memoria gardou con humildade  
arrolos de ilusión para un instante,  
aromas das nostalxias dunha idade.  
Perfumes daquel intre tan distante

que volven cada ano entre a frialdade  
pousar no alto confín un Sol radiante.

Nadal de estrelas que ollan desde o ceo,  
que sinalan e guían o camiño  
e na Chaira, na flor da auga do Miño,  
fan reflexos de luz nun río cheo.  
Nadal de fumes, silencio e retiro,  
no elixir que me envolve en néboas mestas  
e pon, dentro de min, aire de festas  
nas pucharcas, espello en que me eu miro.  
Nadal de neve, ventos e xeadas  
que descubren, nos ecos dos rumores,  
os recantos da nosa xente amada!  
Achéganos así os sons fascinadores  
da calor, do corazón e da ollada:  
...da man do amor, que se nos abre amores!

Nadal que nos comprace e nos sitúa  
cos que non sentan xa na nosa mesa  
e co moito que o noso sangue pesa,  
mentres medra o acordo e perpetúa.  
Chegarán con teima ou repentinos,  
debullando as xeiras dun pasado  
quizais baixando os estreitos destinos.  
Tempo que sempre semella esquecido,  
lendas moi vellas que saben de certo  
aquilo de antes, nun libro esculpido:  
...fala dun Neno, nun portal nacido,  
a Luz de ilusión desde un ceo aberto,  
...vén liberar ao que anda perdido.

Nadal de loitas e aceiros atan o mundo en xenreiras.  
As guerras, sempre incapaces, son as que deixan baleiros.  
Nadal de fame e miserias, ...esqueceron aquel Neno  
que en verbas de Amor sinxelo calmaba as nosas angueiras,  
abría a Luz e a esperanza  
sobre o amencer no horizonte  
restituíndo a confianza. Nadal de hoxe e de onte  
que mira adiante e avanza nun eido humilde, en Begonte!





## MARTIÑO MASEDA LOZANO

*Licenciado en Filoloxía, obtivo o 2º Premio no Certame Xuventude-98 de Narración (1998), foi Premio Ourense de Contos (1999) e Premio de Poesía “O Poeta Azul de Ferrol” (2000), seguindo en 2001 co 3º Premio no Certame Ágora Conto, e o premio de Poesía Pedro Alonso Morgado de Huelva. En 2005, foi premiado no Certame Literario de Vilalba.*

*Colaborou no xornal El Progreso. Ten publicado poemas en revistas literarias, en edición non venal viron a luz o relato gañador xunto cos accésits no Concurso Ourense de contos así como nunha publicación colectiva se incluíron os seus contos premiados nos certames Ágora conto. Varios dos seus textos foron incluídos nunha selección feita por La Voz de Galicia, titulada Relatos de Verán.*

# O BELÉN DA ESPERANZA

## LEMA: NA LINGUA DOS CORAZÓNS PUROS

O meu espírito vive en desacougo,  
porque abomina deste mundo de baleiros seres  
que reinan na cidade das sombras,  
onde ninguén é quen aparenta,  
onde todos levan cadeas nas mans e no pensamento.  
Daquela, eu camiño igual ca un vagabundo polo verxel da Chaira  
na procura dun fío de luz que me inunde  
como manancial de auga bautismal.  
E nunha etapa do camiño, esgotados os folgos,  
é cando chego a ti, lugar de Begonte,  
pequeno edén no medio da néboa,  
e busco nas túas entrañas o recuncho do silencio,  
ese no que só fala a lingua das emocións,  
no que as palabras incendian os ollos da alma  
e as inqedanzas fican fóra, como frías pedras.  
Veño a dialogar co neno do Belén,  
para pedirlle que me permita recuar no elo do tempo  
e tamén me volva neno,  
para sentir en min o rexurdimento da abatida esperanza.  
Veño para que me amose a beleza das esencias  
reflectida nos seus ollos de anxo,  
porque nos meus só vexo a negrume dos corazóns  
feitos de ferro, enxertados no peito dos homes modernos,  
eses que cren no poder omnímodo da súa fachenda,  
os mesmos que esvaeceron baixo os pés da indiferenza  
o ronsel do pasado que tracexaron os seus devanceiros  
con pinces de suor bágoas.  
Por iso me abeiro, Belén de Begonte, ao teu recendo de paz,

cos brazos abertos, espido de materia,  
para que me deixes entrar no teu paraíso das anónimas almas  
e ser veciño da túa aldea universal.  
De ferreiros, carpinteiros e oleiros,  
de panadeiros, troiteiros e viñateiros,  
de pegureiros, teceláns e lavandeiras.  
De reis humildes e ergueitos vasalos,  
de homes libres que avanza ceibes,  
guiados pola estrela da esperanza,  
por ese sendeiro que leva ata o berce no que descansa o Mesías.  
E cando estea fronte a el, vou fitar os seus ollos de suave lume  
e esculcarei neles o lóstrego da inocencia  
que alumiña a miña alma de animal ferido.  
En silencio, sen dicir nada,  
deixando que se exprese o idioma dos corazóns puros,  
no código dos seres de boa vontade.





## LUIS GARCÍA PÉREZ

*Residente en Puertollano (Ciudad Real), naceu en Pereruela (Zamora). Mestre e Licenciado en Filoloxía Hispánica, foi docente en E.X.B. e Secundaria, na actualidade xubilado.*

*É Gran Comendador da Orde Francisco de Quevedo e membro da Academia Bibliográfico-Mariana de Lleida. Pertence ó Grupo Literario Guadiana, e desde 1996 dirixe a revista de creación "Alforja de Estaribel", que sostén o Concello de Puertollano.*

*Ten acadado mais de medio milleiro de premios literarios nacionais e internacionais en poesía, narrativa e ensaio, actuado como Mantedor ou Pregoeiro en diversos acontecementos culturais e literarios, e publicado numerosos artigos xornalísticos.*

*Ten publicado arredor de dúas ducias de libros de ensaio, narrativa e, especialmente, poesía.*



# EN BEGONTE BELÉN HA FLORECIDO

## LEMA: FARO DO NADAL

*A Begonte este ano iremos  
pra visita-lo Belén;  
de Begonte voltaremos  
encheitos de paz e ben*

VERGARA VILARIÑO

### I

Navidad es un río de alegría  
para esta Tierra nuestra cuarteada  
por tanta sed de amor desvencijada  
en la desolación de cada día.

Nace Dios como dulce melodía  
en medio de la noche arrebolada  
y nos deja en la flor de su mirada  
la ternura de su filantropía.

Una estrella nos guía hasta su cuna,  
pesebre humilde de candor y gloria  
para la paz más honda y oportuna.

La luz más esplendente de la historia  
brilla en la Navidad como ninguna  
y se graba, indeleble en la memoria.

## II

Ha estrenado diciembre el calendario,  
el cielo de Begonte se ilumina  
y en la brisa fragante se adivina  
el hecho más grandioso y solidario.

Un misterio de asombro extraordinario  
en la paz de esta tierra se reclina  
para hacerse presencia peregrina  
y relente divino hospitalario.

Aquí la Navidad es diferente  
porque se intuye a Dios resplandeciente  
en el Belén que alumbra su llegada.

Y cada escena es la estampa viva  
que ilustra aquella fecha rediviva  
con la emoción temblando en la mirada.

## III

El cielo en plena noche estremecida  
derrama su candor y su ternura  
y la Rosa más prístina y más pura  
perfuma los jardines de la vida.

Qué gozosa noticia florecida  
plena de resplandores y hermosura  
porque un Niño de mística blancura  
nos alumbra su nueva amanecida.

Y Belén se traslada hasta Begonte  
para inundar de luz el horizonte  
desde todos los puntos cardinales,

porque Dios ha querido estar presente  
en la tierra chairega y eminente  
repartiendo sonrisas a raudales.

#### IV

Viviente Galilea en movimiento  
este Belén que late su armonía  
con unción de ferviente artesanía  
y el aroma divino de su aliento.

Aquí todo es fervor y sentimiento,  
sabor a deliciosa cercanía  
y muchos corazones a porfía  
desplegando plegarias en el viento.

Labriegos, carpinteros, pescadores,  
la humilde sencillez de los pastores  
mostrando su fervor más campechano,

la fe y la tradición entrelazadas  
se muestran en Begonte arrodilladas  
en divina simbiosis con lo humano.

#### V

Una nueva sorpresa nos decora  
cada año el Belén en sus medidas,  
las luces de la fe más encendidas  
cuando el alma se explaya y enamora.

Aquí vibra la gracia salvadora,  
un misterio sublime en nuestras vidas,

aquellas realidades desprendidas  
de Belén a Begonte aquí y ahora.

Electrónica faz en los paisajes  
de este mundo inefable y prodigioso  
con perfume de estrellas y de rosas,

porque todo recrea los parajes  
de un mundo fascinante, delicioso...  
y Dios está muy cerca de las cosas.

## VI

Qué mundo de ternura se derrama  
en cada movimiento, en cada ola  
igual que una divina caracola  
que a todos nos deleita, que proclama

un milagro de siglos, y reclama  
hacerse eternidad y fumarola  
de este incendio de amor que aquí enarbola  
la plenitud divina de su llama.

Venid hasta Begonte, peregrinos,  
para adorar a un Niño que es delicia,  
viviente Navidad en cada escena,

una canción de luz y verdes trinos  
de este Supremo Bien hecho caricia,  
Begonte de Belén, casta Azucena.



sanal para le...  
ousas da vida...  
iversais, cheo de a...  
dos dos nosos devance...  
n habilidade, inxenio e  
a...  
arredor é tamén un  
ropicio para que a  
da á ledicia arte...  
viva medre e  
amifios e  
mas  
sua... a  
lúa, a  
parpadexa...  
ata o amencer du...  
no que se aviva a chi...  
vida e do traballo cotián.  
Nunha xuntanza do gre...  
os protagonistas do gre...  
ecimento: Os Re...  
ro plano: Neno Deus,  
arón e S. Xosé, e  
rfa e S. Xosé, e  
7 camellos re...  
nde viaxe...  
ñas, un...  
orm

# PRENSA

XXXII CERTAME DE XORNALISMO  
“BEGONTE E O NADAL”

---

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co fin de potencia-lo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, con-vo-ca o

XXXII CERTAME XORNALÍSTICO  
“BEGONTE E O NADAL”

de acordo coas seguintes BASES:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se considere-n os mellores traballos presentados, dotados con:  
PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.– 600 euros e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO.– 300 euros e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presen-ten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de 2008, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoal-mente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exem-plar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan cons-ta-los datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL de 2007.

**BASES**

FALLO DO XURADO DO XXXII CERTAME  
XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL"



FALLO  
DO  
XURADO

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXXII CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL", formado por D. XOÁN XOSE MOLINA VÁZQUEZ (Delegado provincial de Cultura), presidente; D<sup>a</sup> BLANCA PACÍN SOMOZA; D. MARCIAL GONZÁLEZ VIGO; D. JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN e D. JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA, do Centro cultural de Begonte, que actúa como Secretario, examinados os traballos presentados, acorda emitilo seguinte fallo:

**PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO**, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos. Concédese a FELIX VILLARES MOUTEIRA, polo artigo "CAMIÑO DE BEGONTE, EN OBRIGADA ROMAXE" publicado no xornal El Progreso (A Mariña).

**SEGUNDO PREMIO**, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos, concédese a RUTH FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, polo traballo "FRENÉTICO NADAL", publicado no xornal Galicia Hoxe.

Pola calidade do traballo, concédese unha **MENCIÓN DE HONRA**, dotada con estatuíña de Sargadelos, a BÁGOAS DE ESTRELAS, publicado en El Progreso por Francisco Piñeiro, co seudónimo de Arturo Palacios Iravedra.

O SECRETARIO DO XURADO

José Rodríguez Varela







## FELIX VILLARES MOUTEIRA

*Crego e profesor nado en Belesar-Vilalba, é Licenciado en Teoloxía pola Universidade de Salamanca, foi Rector do Seminario Menor Santa Catalina de Mondoñedo, e de 1999 a 2006 Vicario Xeral da diocese de Mondoñedo-Ferrol.*

*Creador da revista mensual "Amencer", ten publicado "Os poetas do Seminario de Mondoñedo", "Xosé Crecente Vega", "San Martiño de Belesar, memoria e futuro", entre outros libros, e colaborado en La Voz de Galicia, El Ideal Gallego, El Progreso, Encrucillada, Amencer e A Croa.*

*En outubro de 1999, a cidade de Mondoñedo rendeuulle unha homenaxe popular en agradecemento ó seu labor á fronte do Seminario Santa Catalina.*

*Tanto os seus alumnos como el teñen sido premiados nos certames literarios convocados polo Centro "José Domínguez Guizán" de Begonte.*

# CAMIÑO DE BEGONTE, EN OBRIGADA ROMAXE

Un día do mes de nadal... Son as nove da mañá... unha mesta néboa tece un manto sobre Begonte do Belén. A néboa sube do río ladra, que pasa manseliño e caladiño para non espertar ó Neno Xesús que a Virxe María anaina no seu colo, no Portal do Belén Electrónico. Todo está en silencio, todo é paz e tranquilidade...

Arestora, nunha casa calquera, de calquera parroquia da Mariña de Lugo, Xurxo, un neno de oito anos –¡quen sabe o que soñou esta noite!– érguese e vaise para a habitación dos avós, Antón e Pepa, meténdose no medio deles, como fai moitos días xa que os seus avós cóntanlle contos... Pero hoxe está inquieto... Non sabe o que lle pasa... Algo lle rebule por dentro... Hoxe vai con seus avós ata Begonte para ver o Belén máis fermoso do país dos dez mil ríos e dos mil vales.

O Xurxo, cheo de ledicia e sen ningún sono –hoxe non houbo que chamalo–, salta da cama e os avós tamén. Prepáranse, almorzan e, co traxe dos días de festa, o avó ponse ó volante do coche e os tres collen a estrada cara a Begonte do Belén.

Case mediodía... A densa néboa, que cubría a Terra Chá, vaise esvaendo e deixa paso a un fermoso día de sol. En Begonte do Belén hai moito barullo: xentes de toda Galicia e mesmo de fóra achéganse en obrigada romaxe ata o Centro Cultural *José Domínguez Guizán*, onde, desde hai trinta e seis anos, está instalado o Belén Electrónico.

Xurxo e os seus avos chegan a Begonte. O primeiro que fan é ir ata a capeliña do cemiterio parroquial e alí rezan ante a campa do cura fundador do Belén Electrónico, José Domínguez Guizán, do

que Antón fora compañeiro no Real Seminario de Santa Catarina de Mondoñedo.

Logo diríxense ata o Centro Cultural para ver o Belén Electrónico, do que Xurxo tanto oíra falar. Entran. Antón, o avó, dille a Xurxo que o máis importante é o Portal onde se reproduce o misterio central do Nadal: o nacemento de Xesús, a Palabra eterna de Deus, que se fai un de nós. Alí están Xosé e María co Neno Xesús, e o boi e mula que lles dan calor.

-Mira, Xurxo- di o avó -neste Belén represéntase un día na vida de calquera aldea da Terra Chá de fai uns anos, desde o amencer ata a noite e tamén varios fenómenos atmosféricos: a neve, a treboada... As construcións -casas, alboios, muíños, fornos, alpendres, palleiras...- son as propias desta comarca. Olla tamén os diversos oficios artesanais -algúns hoxe xa desaparecidos, pero que ata fai poucos anos tiñan unha función importante na vida das nosas aldeas-: ferreiros, serradores, carpinteiros, forneiras, oleiros, pescadores, fiadoras, cesteiros, muiñeiros, gadañeiros, zoqueiros, sachadoras, picadores das pedras dos muíños... Aparecen ademais nenos xogando no parque e mulleres tendendo a roupa no tendal, muxindo as vacas, cribando no trigo...

Ó Xurxo, cuns ollos coma pratos, non lle chega o tempo para admirar toda a fermosura que ten diante... todo lle chama á atención... e pregunta a seus avós...

-¿Quen dá vida a todo isto?

-Xurxo, todo o que vés é posible -dille Pepa, súa avoa- porque unha chea de persoas dedican o seu tempo de lecer e... outro tempo que lle rouban ó sono a artellar todo o que estás a ver. Son horas e horas e horas de traballo calado de José Rodríguez Varela, José Luis Varela Lagares, Carlos Torres, Jesús Domínguez Guizán, Jesús Veiga, Ramiro Cruz, Pilar Gómez, Xulio Xiz... Cada un ten unha misión concreta: facer as figuras, dotalas de movemento, apañar a carriza, facer a montaxe, organizar todas as actividades que, cada Nadal, hai arredor do Belén...

- Non te esquezas -terciou o avó- do rapaz e das rapazas, que cada día se encargan de acoller e atender ós romeiros que chegan a Begonte do Belén: Pili Reboredo, e os irmáns José Luis, Tamara e Lolita Trigo Rodríguez, .

É a hora de xantar. Os nosos tres mariñans fano na capital galega do Nadal. Despois de xantar, o Xurxo quere ver outra vez o Belén Electrónico.

Os avós acceden ó que pide o neno e alá se van de novo o Centro Cultural "José Domínguez Guizán". Xurxo, cheo de ledicia, non cabe en sí... moito leva que contar.

Cando, como escribiu o poeta chairego Xosé Crecente Vega, "vai o sol na furada" e a néboa, que vén do río Ladra, tece un novo manto sobre Begonte do Belén, os nosos tres romeiros emprenden a volta á Mariña lucense, despois de cumprir coa obrigada romaxe do Nadal.





## RUTH FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

*É licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela, na que realizou colaboracións co Departamento de Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral.*

*É colaboradora habitual de xornais como Galicia Hoxe e La Voz de Galicia. Tamén ten publicado traballos en El Progreso, Lugo xove, Evohé, Moenia ou Unión Libre.*

*Gañou o Premio de Relatos Curtos do Concello de Lugo, e o Premio Periodístico Manuel Reimón de Portela, na súa novena edición, pola serie de traballos publicados sobre o fomento da lectura, sendo a primeira muller que recibe este galardón.*

# FRENÉTICO NADAL

Os produtos de Nadal están a disposición do consumidor dende mediados de outubro, pouco despois das festas de San Froilán. Este ano con maior antelación nos centros comerciais comezaron a colocar os adornos de Nadal e os típicos doces (turróns, mantecados, etc.) cubrindo os andeis.

A xente aventurouse na viaxe consumista que supoñen estas datas para a inmensa maioría, perdendo o valo que tiveron antano. Esquécese o espírito desta festa cristiá pensando en pantagruélicas ceas a base de marisco e caza.

Esquécense os sentimentos solidarios con só deixar un paquete de arroz na chamada *operación Qui-lo* dalgún establecemento. E mentres malgastamos cartos e máis cartos en cousas ás veces supérfluas, innecesarias.

Chegan os días da lotaría, das ilusións para cambiar de vida por un golpe de sorte que pode traer o azar, cando só mudamos a existencia se dende o noso interior facemos o propósito de ser un chisco mellores có día anterior. Chegan as vacacións para facer posible esa viaxe soñada.

Temos tempo para todo, esquecendo en moitos casos o máis elemental: que son datas para vivir en familia, que son días de compartir o moito ou o pouco que se posúa. Porque, en definitiva esa é a mellor forma de demostrar o amor. Amar é compartir.

Veñen días para ser un chisco máis humanos, renunciando ás présas e reflexionando no que acontece ao noso arredor. Viaxemos a Begonte e vexamos

no exemplo do seu Belén electrónico o que significa a palabra Nadal. Alí todo está artellado para vivir esta celebración con verdadeiro espírito renovado. Respíranse no ar outros aromas, a esencia do Nadal que debe asolagar os nosos corazóns. A estampa protagonista é a da Virxe e San Xosé co neno acabado de nacer. Amence un novo día, mudan as cores nos campos. Logo faise de noite. Trona. Ata chega a nevar. E o espectador fica abraiado...

O clima da Terra Chá reflectido neste belén, ao igual que os oficios de vello, recreados con grande mestría. Escoitamos sons da natureza que levan moito do Lugo que acolle esta terra chairega de Begonte, símbolo do Nadal na provincia. Dende cativa


volvo cada Nadal ao Belén de Begonte. Síntoo como unha obriga, para revivir as emocións sentidas nos ollos de nena que o contemplaron por vez primeira.

Figuras movidas pola maxia dunha mecánica oculta. Herodes a un lado, polo outro os Reis Magos, mentres os labregos traballan as terras e desempeñan tarefas artesanais coma cocer o pan.

Aínda me parece sentir o arrecendo lembrando aquelas secuencias. É un lugar para visitar na provincia de Lugo, onde o NADAL segue a sentirse en letra maiúscula. Dende aquí a miña felicitación, xunto ao convite para asistir a tan notable espectáculo.







## FRANCISCO PIÑEIRO GONZÁLEZ

*Mestre nado no Reguengo (Mondoñedo), ten abandeirado experiencias teatrais que cristalizaron na fundación e dirección dos grupos teatrais O Bordelo (Cervo) e A Adala (Fazouro-Foz), cos que leva máis de dúascentas representacións en Galicia e Asturias, con obras da súa autoría.*

*Ten escrito guións de títeres para programas educativos europeos, guións de teatro radiofónico e textos para teatro de rúa.*

*Ten obtido os premios “Laxeteatro” 2001, un accésit de poesía no Manuel Oreste 2003, o Premio de Narrativa deste mesmo certame o ano 2004, e o de Xornalismo de Begonte tamén de 2004 e 2006.*

# BÁGOAS DE ESTRELAS!

Xa está ben! Hai que contalo. Non se debe calar, aínda que a moitos non lles agrade. Sería de inxénuos catalogalo como un erro humano máis. Cómpre poñerlle remedio.

Ocurriu en Begonte, na inauguración do Belén. O señor presidente da Diputación, se quixera, podería falar do tema. Eu non daba creto ó que oía. Non podía ser! Estabamos a piques de entrar no recinto do Belén. Dende fóra escoitaba á facenda alborotada: vacas, galiñas, porcos, cabras... todos vocexaban.

¡Impresionante! -pensei- ¡Que realismo!

Cando entrou o señor Besteiro situouse na grada para presenciar con detalle o funcionamento de tódalas pezas e admirar o simbolismo que o conxunto representa. Daquela observou que este ano existía unha novidade excepcional: ¡San Xosé tiña ó neno no colo! O señor presidente, polo seu cargo, de seguida o relacionou coa evolución social, coa igualdade e co progreso.

-Vaia -pensou- o Belén anda cos tempos. San Xosé acolleuse a unha baixa por paternidade e colabora no coidado do seu fillo. Coa nova lei de autónomos houbo de pecha-la carpintería por uns días. Pero... ¿a Virxe? ¿E as lavadeiras do pío? ¿E as cociñeiras, as labregas, ...? ¡Non había ningunha muller!

O profesor xirou a cabeza para comenta-la súa apreciación e decatouse de que entre tódolos presentes tampouco había mulleres. Nun primeiro instante os homes entrecruzaron un sorriso, mais

co paso do tempo ían virándose tensos, preocupados, mesmo desamparados.

Don Xesús Domínguez Guizán non perdía a súa enigmática calma. Coas mans embutidas nas mangas opostas da súa sotána transmitía serenidade mentres buscaba a resposta coa mirada posta na lonxanía. -É preciso convocar con suma urxencia ó Consello de Querenza da Terra Chá- decidiu.

Así foi. Don Xulio Xiz, sempre eficaz, non tardou nin tres segundos en poñer a andar a Don Xosé Manuel Carballo, á cabalo da súa retranca, a Mini e a Mero, afinando “presto” a zanfona, a Don Alfonso Blanco, aloumiñando xermolos, e outros moitos insignes cabaleiros da tradición cultural da chaira.

Subiron os homes ó salón de actos do Centro Cultural e alí xa presidían a convocatoria os omnipresente Díaz Castro, Manuel María e, no centro, Don Xesús Domínguez Guizán. Este, despois de escoita-las propostas dos próceres, resolveu de xeito celestial: -As mulleres da chaira, xunto coa Virxe María, atópanse recollendo bágoas de estrela. Os homes quedaron perplexos. ¿Onde se recollen bágoas de estrela?

O señor Besteiro, coa súa habitual axilidade de relacionar e conciliar propostas, enfiou o pensamento:” Tendo en conta que este Belén representa a esencia galega, precisamos un campo de consenso para facer coincidir tódalas estrelas nun punto de unión de tódolos galegos “¡Xa está! Campo de estrelas. ¡Campus Stellae! Están en Santiago de Compostela.

Efectivamente. Cando os homes chegaron á Praza do Obradoiro xa estaba ateigada de varóns axeonllados e o interior da catedral abarrotado de figuriñas femininas escoitando a voz do Apóstolo.


“Mulleres, as vosas peticións son razoables -fálballes o santo.- A historia debe recoñecer a vosa inxente contribución á humanidade. Non pode deixar por máis tempo de escoitar a vosa voz. Sodes pombas que demostrades ser capaces de voar á par dos gaviáns. En igualdade cos varóns teredes que decidir a inutilidade das guerras e o reparto das riquezas para conquistar a igualdade entre tódolos seres deste planeta. Vós, as mulleres, sodes as grandes economistas do mundo, administradoras da viada diaria. Estadades acostumadas a transformar a fría prata en tenra alma”. Por primeira vez na súa vida, os homes sentiron un calafrío colectivo. Acababan de descubrir que ata os números, a pesares de levar artigo masculino, na realidade, na traza e na execución eran femininos. “E -proseguía o Apóstolo- non podemos consentir máis que aínda queden homes incapaces de recoñecer a vosa valía pensando que sodes un xoguete de mazar para maltratarvos. Iso ten que rematar”...

Foi daquela cando tódolos humanos decidiron corrixi-los seus erros para escribir novas páxinas da historia e das parellas coa tinta dos respecto e da igualdade de feito, buscando o equilibrio, sempre con afecto, cumprindo cos deberes e sen negarlle a ninguén os seus dereitos.

Hoxe en Begonte reina a Paz e o respecto. Cada quen está no seu posto compartindo tarefas. Así todo funciona á perfección.

Cando vostedes visiten o Belén de Begonte nestes meses do Nadal fíxense en máis de medio cento de novas estrelas que as mulleres colocaron na cúpula celeste. Recoñécense porque aínda teñen for-

ma de bágoa. Representan ás vítimas dos malos tratos en España. E reflexionemos todos porque xa non caben máis e na Terra, sen mulleres, ós homes pouco belén nos queda.



CENTRO CULTURAL «JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN»  
DE BEGONTE (LUGO) – DEC. 2008 - XANEIRO 2009